

VIIFF 2020 (Vigo International Inclusion Film Festival).

A asociación AGAIN organiza o V Festival Internacional de Cine Inclusivo de Vigo co obxectivo de dar a coñecer, apoiar e valorar proxectos cinematográficos realizados por e para a inclusión, a igualdade e a difusión universal da sétima arte.

Ábrese o prazo de admisión de curtametraxes longametraxes de ficción e documentais e webseries dende o 17 de abril ao 24 de xullo de 2020.

Nesta edición darase unha maior puntuación na selección a todos aqueles audiovisuais a concursos nos que se dea a coñecer o traballo dos profesionais da sanidade e dos coidados. Querendo así sumarnos á sociedade galega, española e mundial na súa homenaxe á sanidade e os servizos sociais pola crise do COVID-19.

A Asociación Audiovisual Inclusiva (AGAIN) publica as seguintes bases de participación:

CONDICIÓNS XERAIS

A V edición do Festival Internacional de Cine Inclusivo de Vigo terá lugar no Auditorio do Concello de Vigo do 13 ao 17 de outubro de 2020.

O Festival estará dividido en diferentes seccións concurso:

- Concurso de curtametraxes (5ª edición)
- Concurso de documentais (3ª edición)
- Concurso de longametraxes de ficción (1ª edición)
- Concurso de webseries (1ª edición)

Poden participar as curtametraxes, documentais, longametraxes de ficción e webseries, en calquera idioma e de calquera nacionalidade, en soporte dixital. No caso de que o idioma non sexa galego ou español, será obrigatoria a inclusión de subtítulos nalgunha destas dúas linguas.

Entre os criterios non indispensables que valorará positivamente a Organización está a inclusión de subtítulos e audiodescrición para persoas con dificultades auditivas ou visuais. Tamén se valorarán positivamente a igualdade e a inclusión tanto diante como detrás das cámaras.

Non existe limitación no número de obras a presentar por cada autor/a ou por cada produtora.

A temática das curtametraxes é totalmente libre, podendo ser tanto de ficción como de non-ficción. No caso dos documentais, a temática xirara en torno á inclusión co obxectivo de dar visibilidade a todos os proxectos que toquen de maneira substancial a discapacidade e todo o que a rodea.

A duración máxima das obras presentadas será de 25 minutos no caso das curtametraxes e de 180 minutos no do dos documentais e longametraxes de ficción (títulos de crédito incluídos en ambos casos).

A inscrición é gratuíta.

Quedarán excluídas as obras que atenten contra a dignidade das persoas e/ou que vulneren os valores e os dereitos recoñecidos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos e na Constitución Española.

As persoas que presenten e autoricen a participación das obras no Festival serán obrigatoriamente os titulares dos dereitos de autor das mesmas. A Organización non se fai responsable de cuestións que afecten a terceiros, respecto a calquera infracción relacionada coa propiedade intelectual das obras participantes.

As obras que se presenten terán que estar realizadas e/ou estreadas preferiblemente despois do 1 de xaneiro de 2019. O Festival resérvase o dereito de incluír obras producidas/estreadas con anterioridade, atendendo a criterios temáticos ou de interese para a consecución dos fins do evento.

CATEGORÍAS E PREMIOS

O V Festival de Cine Inclusivo de Vigo convoca as seguintes categorías:

- Premio á mellor curtametraxe do Xurado
- Premio á mellor curtametraxe do Público
- Premio ao mellor documental do Xurado
- Premio ao mellor documental do Público
- Premio á mellor longametraxe de ficción do Xurado
- Premio á mellor webserie do Público (votación online)

Para decidir o gañador ou gañadores dos premios constituirase un xurado formado por profesionais do sector audiovisual e do social.

O premio do público decidirase co voto do público asistente.

No caso de producirse un empate entre dúas obras (premio ex aequo), o importe do premio será dividido entre os dous gañadores. Unha mesma obra pode resultar premiada con dous ou máis galardóns.

Os premios poderán declararse desertos se así o decide o xurado e/ou a Organización.

As contías dos premios están suxeitas aos impostos e ás regulacións fixadas pola lei española.

A Organización resérvase o dereito a restrinxir ou ampliar as categorías e os premios, así como a contía dos últimos. A decisión do xurado e o público será inapelable.

A participación neste concurso implica a íntegra aceptación das bases por parte dos implicados, así como das decisións da Organización, con renuncia expresa a toda reclamación que se opoña ás mesmas.

RECEPCIÓN DAS OBRAS PARTICIPANTES

As obras inscribíranse enviándoas en formato dixital a través do enderezo electrónico films@festivalcinevigo.es incluíndo a ficha de inscrición e un link onde se atope a curtametraxe, documental, longametraxe ou webserie (vimeo ou similar) e o seu correspondente contrasinal de acceso. Os datos quedarán incorporados a un ficheiro da Asociación, aos efectos de xestión do Festival. Os participantes poden exercer os seus dereitos de acceso, cancelación ou oposición enviando un correo electrónico á dirección antes mencionada.

No caso das webseries, non é preciso que sexan inéditas.

A data límite de recepción é o 24 de xullo de 2020 ás 23:50 horas.

Os participantes facilitarán á Organización todo o material necesario para a elaboración da programación do Festival.

As obras seleccionadas serán proxectadas publicamente durante o Festival, de acordo cun calendario programado.

A copia de proxección ten que estar libre de subtítulos agás que estea subtitulada ao galego ou ao español. Non se aceptarán copias con subtítulos incrustados nun idioma que non sexa un dos dous mencionados.

A Organización poderá solicitar un tráiler do que se usará como máximo 1 minuto, así como material gráfico (carteis, fotos da rodaxe) co fin de promocionar o Festival. Os responsables dos proxectos seleccionados ceden gratuitamente, sen limitación xeográfica e polo máximo de tempo previsto na lexislación vixente, todos os dereitos de reprodución do material de promoción (incluídos o tráiler e calquera outro material), para a súa inclusión e divulgación nas redes sociais do Festival, nos medios de comunicación nos que se fale do Festival e para a súa exhibición durante o evento.

Os asistentes ao Festival, os gañadores e, no seu caso, os seus acompañantes, consenten a utilización da súa imaxe e os datos persoais en calquera tipo de publicidade, promoción, publicación, ou por calquera outro medio da natureza que sexa, con fins comerciais ou informativos, sempre que estes estean relacionados co Festival e durante a duración do mesmo.

A Organización resérvase en calquera momento o dereito de alterar, modificación ou suspender o programa do VIIF 2020.

FICHA DE INSCRIPCIÓN

Título orixinal	
Xénero	
Idioma	
Idioma/s dos subtítulos	
Data de produción	
Duración	
Formato	
Premios	
Proxeccións en España	
Titular da obra	
Datos de contacto	

Declaro que son o titular dos dereitos da obra ou o representante autorizado para firmar esta inscrición.

Acepto las bases do Festival.